



# CONCELLO DE ARANGA

## ACTA Nº 2019/12

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 7 DE AGOSTO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

ALBERTO PLATAS ALVAREZ

**ASISTEN:**

PP  
AMPARO RIVAS PENA  
DIEGO VAZQUEZ GARCIA  
EVA MARIA SANCHEZ BRAÑAS  
JOSÉ MIGUEL IGLESIAS ARES  
PSOE  
CARLOS PLATAS ROCHA  
MANUEL SANCHEZ CARRO  
RUBEN GARCIA VIDAL  
SANDRA PENA BARBEITO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIA:**

ANA MARIA OCAMPO PEREZ GOROSTIAGA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Alcalde, Alberto Platas Álvarez, pregunta se algún membro do pleno municipal quere formular algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior que foi previamente distribuído coa convocatoria. Non formulándose observacións queda aprobada a acta da sesión plenaria constitutiva do 27 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros do pleno.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

## 2.-CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS 2019.

Logo de elaborarse as bases da convocatoria de subvencións municipais para familias e entidades sen fin de lucro para o ano 2019, procedese a lectura da proposta de acordo e das bases elaboradas.

Pide a palabra Sandra Pena Barbeito e manifesta que quere que conste en acta: en primeiro lugar que xa era moita hora de convocar as subvencións e espera que o ano que ven non se volvan a tramitar de forma tardía. En segundo lugar pide que se aumente a partida orzamentaria o vindeiro ano toda vez que o importe das subvencións está estancado e que se inclúen na mesma partida as subvencións nominativas coas que o seu grupo político non está de acordo. Consideramos máis conveniente as subvencións en concorrencia competitiva.

O Sr. alcalde Alberto Platas recoñece que efectivamente se están tramitando moi tarde pero en todo caso débese ter en conta que as subvencións que se outorguen teñen efecto retroactivo e polo tanto cubren os gastos desenvolvidos dende o 1 de xaneiro de 2019. E certo que se retraso a tramitación este ano, por diversas causas, por exemplo, para que poidera darse de alta unha asociación que estaba tramitando a súa alta. Temos en conta a suxerencia e o faremos con máis antelación para que teñan máis tempo as asociacións.

Sometida a votación a proposta, por unanimidade dos membros presentes, coas observacións formuladas polo grupo socialista, acorda:

**Primeiro:** Convocar a concesión de subvencións municipais para familias e entidades sen fin de lucro para o ano 2019, dentro do límite dos créditos establecido na respectiva partida orzamentaria.

**Segundo:** Aprobar as bases de dita convocatoria, que se adxuntan e que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello, outorgando o prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de solicitudes.

### “ BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA O ANO 2019.-

#### 1. Finalidade e principios xerais.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

Coa finalidade de apoiar as entidades e asociacións sen fin de lucro que prestan servizos ou realizan actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal, ou que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, no ámbito da cultura, deporte e festexos patronais, convócanse para o exercicio 2019 as seguintes subvencións, consoante co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real Decreto 2/2004, de 5 de maio, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e o seu regulamento, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o seu regulamento.

Os principios aos que se suxeita o procedemento de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A presente convocatoria marca obxectivos de carácter xeral como a mellora da xestión e organización de actividades e equipamentos mediante a concesión de subvencións, pra o deseenvolvemento de actividades, obras ou servizos que lles sexan propios das entidades sen ánimo de lucro e asociacións rexistradas no concello de Aranga, e ao mesmo tempo teñan interese xeral, durante o ano 2019.

Quedan excluídas da presente convocatoria as seguintes actividades ou investimentos:

- Os gastos de mantención.
- Os gastos de traslado ou transporte excepto os que soliciten e realizen, conxuntamente, todas as asociacións a través da Federación Municipal de Aranga "Fragas do Mandeo" e os gastos de transporte da excursión anual da ANPA do CEIP A Castellana.

No caso de actividades estables propias da asociación ( grupo de baile, grupo teatro, competicións deportivas... poderán incluírse gastos de desprazamento e gastos que se ocasionen , sempre que esten incluídos nos calendarios das actuacións.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

- As actividades ou inversións de carácter confesional.

Os gastos excluídos non poderán recollerse nos orzamentos que se presenten.

Cada solicitante só poderá solicitar unha subvención para un obxecto dentro de cada apartado, é dicir, como máximo poderá solicitarse unha subvención para actividade e outra para inversión. Ademais indicárase a prioridade entre elas.

## 2. Obxecto e aplicación presupostaria.

Serán obxecto de subvención especialmente os seguintes ámbitos de actuación: cultura, deportes e festexos patronais, nos apartados de actividades e de inversión.

### 1.-Apartado de actividades:

1.1. En materia de cultura, poderán ser obxecto de subvención actividades culturais de carácter puntual ou de carácter anual : Programas culturais tales como certames, encontros, conferencias, estudos, publicacións, concursos, cursos, talleres, obradorios, etc. También serán subvencionables actividades estables propias da asociación ( grupo teatro, baile...)

1.2.En materia de deportes poderán ser obxecto de subvención actividades deportivas tales como : Actividades de promoción do deporte en clubs deportivos, e en xeral as que perseguen interese sociodeportivo ou son de utilidade pública, tales como campionatos, intercambios, obradoiros deportivos etc. así como o deporte-competición federado.

### 2.- Apartado de inversións:

2.1. En materia de cultura: Obras de novas instalacións ou de mantemento e conservación, tales como melloras nas instalacións ou creación de novas instalacións, así como equipamentos de materiais ou mobiliario e medios non funxibles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

2.2. En materia de deportes: Obras de mantemento e conservación das instalacións existentes, obras de nova creación, así como o equipamento de materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

3. En materia de festexos patronais financiarase con 300 €, exclusivamente, a celebración das festas patronais, sempre e cando se soliciten pola Comisión de Festas que dispoña do seu CIF correspondente e se acredite a celebración da festa.

Estas subvencións tramítanse durante todo o ano, polo que quedan excluídas, na súa tramitación, da presente convocatoria.

As subvencións ou transferencias correntes a familias e institucións sen fn de lucro imputaranse á partida 2019.0.334.0.48900 dotada cun crédito inicial de 23.000,00 € . Respecto das inversións imputaranse á partida 2019.0.459.0.78000 dotada cun crédito inicial de 18.500,00 €. Os créditos para as comisións de festas están previstos na partida 2019.0.338.48900.

Non obstante, e unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Pleno Municipal, á vista das que tiveron entrada no Rexistro Xeral, poderá modificar estas contías despois do expediente de modificación de créditos.

### 3. Solicitantes.

1. Poderán optar a estas subvencións, sempre que cumpran os requisitos que se indican:

- as familias ou particulares e
- as entidades ou asociacións, xuridicamente constituídas, así como os comités organizadores, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolvemento da súa actividade dentro do termo municipal de Aranga, ou con beneficio evidente para a veciñanza.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello salvo que a Comisión de Subvencións aprecie razóns que xustifiquen eludir ese requisito.

- Estar ao día nas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello.

- Non estar incurso en supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.

2. Tamén poderán solicitálas os deportistas individuais do Concello, que estean en posesión da licenza de federado expedida pola correspondente federación deportiva e teñan máis de 18 anos e leven empadroados no concello máis de dous anos e sempre que non presenten solicitude como asociación.

3. As ANPA dos centros de ensino público do Concello.

## 4. Condicións das solicitudes.

1. As subvencións solicitadas por cada asociacións, familia ou particular que cumpran os requisitos sinalados na base 3, deberán referirse, exclusivamente, a un obxecto dentro de cada apartado. É dicir, só poderán solicitar, como máximo, unha subvención para actividades e outra para inversións, sinalando ademais a prioridade entre elas.

2. Establécese a contía máxima de cada solicitude en 6.000,00 € para actividades e de 10.000,00 € para inversións, de xeito que as solicitudes, para cada un dos ámbitos, que excedan do dito importe serán reducidas automaticamente.

3. As solicitudes para inversión deberán ir acompañadas de certificación da titularidade do ben no que se realizará a inversión ou autorización do seu titular.

## 5. Documentación.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que se lles facilitarán nas oficinas municipais e achegarase a seguinte documentación:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

a) Memoria explicativa da actividade ou inversión que se quere realizar, indicando os obxectivos, os beneficiarios e os fns a que se destinarán aos fondos (Anexo I).

b) Presuposto detallado dos gastos e ingresos da actividade ou inversión (Anexo I).

c) Importe da subvención que se solicita que en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que se vai realizar (Anexo I).

O importe da subvención consistirá nunha porcentaxe do solicitado, tendo en conta que se considerará importe solicitado o que se deduza da solicitude (Anexo I) , que será a cantidade que resulte de descontar, do orzamento de gastos o importe dos ingresos procedentes doutras aportacións, incluídas as aportacións dos socios/as.

A porcentaxe de financiación fuxará a Comisión avaliadora, tendo en conta o crédito dispoñible e as solicitudes presentadas.

A porcentaxe de financiación fuxará pola Comisión Municipal de Subvencións tendo en conta o crédito dispoñible e o importe do total das axudas solicitadas.

d) Certificación da conta bancaria do solicitante.

e) Os comités organizadores ou veciñais presentarán ademais da acta fundacional coa relación dos seus compoñentes e a estrutura de funcionamento, así como unha copia do CIF solicitado para o efecto.

f) No caso de que a información que consta no rexistro municipal de asociacións non estea actualizada, incorporárase a súa comunicación.

g) Certificación do acordo de solicitude adoptado polo órgano competente e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello, no caso de entidades formalizadas (Anexo II).



# CONCELLO DE ARANGA

h) Declaración responsable do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade e de aceptación das bases da convocatoria (Anexo III).

i) Declaración do representante de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social e autorización para obter directamente certificacións ou informes sobre os ditos aspectos dos organismos competentes (Anexo III).

j) Cando a axuda se solicite para o apartado de actividades deberá comunicarlle ao concello a data para a súa realización, con carácter previo, a efectos de facilitar as actuacións de comprobación.

k) Cando a axuda se solicite para inversións presentarse un plano de situación e descrición valorada das obras co orzamento detallado. Acreditarase, ademais, a titularidade do ben no que se realizará a inversión, ou autorización expresa do titular, e ademais adxuntarase o compromiso de solicitar a licenza e as autorizacións precisas para a realización da inversión.

No caso de que as solicitudes non reunisen os requisitos mínimos esixidos farase un requirimento para a emenda, no prazo de dez días hábiles segundo establece o artigo 68 da lei 39/2015 de

procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O incumprimento da emenda producirá a caducidade da solicitude.

## **6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello, preferiblemente de forma telemática a través da sede electrónica, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## **7. Resolución das subvencións.**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





# CONCELLO DE ARANGA

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da Comisión Municipal de subvencións, logo da petición dos informes que considere oportunos.

A Comisión municipal de subvencións ten a facultade de interpretar as presentes bases.

A Comisión de subvencións estará composta por:

- Presidente: o Alcalde.
- Vogais: un representante de cada grupo municipal, que serán nomeados polo Alcalde a proposta de cada grupo.
- Secretaria: a da corporación ou funcionario en quen delegue.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse tendo en conta os seguintes criterios:

1. Interese xeral ou sectorial, utilidade ou servizo do investimento ou actividade que se propón realizar: poderanse outorgar ata 5 puntos.
2. Número de veciños/as beneficiados/as directa ou indirectamente pola actividade ou investimento: poderanse outorgar ata 5 puntos.
3. Representatividade social e territorial no municipio: poderanse outorgar ata 3 puntos.
4. O carácter periódico ou permanente da actividade subvencionada: poderá valorarse ata 3 puntos.
5. Coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos polo Concello: poderanse outorgar ata 5 puntos.

A Xunta de Goberno Local analizará a proposta da Comisión e resolverá, logo do informe de fiscalización de Secretaría-Intervención, realizando o oportuno reparto da cantidade dispoñible.



# CONCELLO DE ARANGA

A resolución da concesión seralles notificada expresamente a todos os solicitantes, no prazo de dez días que se contarán a partir da data da resolución, e será exposta no taboleiro de anuncios da

casa consistorial e na páxina web do Concello. Contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

O coeficiente de financiación que se establece para a concesión das subvencións será do un por cento. Este coeficiente poderá modificarse a proposta da Comisión municipal de subvencións.

## **8. Obrigas dos beneficiarios.**

Os beneficiarios deberán aceptar a subvención no prazo de dez días, sen prexuício de que transcurrido dito prazo sen manifestar nada en contra, se entenda tácitamente aceptada.

Os beneficiarios asumen as seguintes obrigas:

1. Realizar as actividades ou inversións propostas dentro do ano 2019, acreditando o cumprimento da finalidade da subvención.

Por motivos xustificados poderá solicitarse o cambio do obxecto da subvención, tanto en canto ao ámbito como ao tipo de subvención e o importe máximo a conceder será o mesmo da Resolución que se ditou, salvo que proceda a redución da contía por obter valoración menor.

2. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello así como facilitar a información que o Consello de contas lle requira.

3. Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades para a mesma finalidade.

4. Conservar a contabilidade precisa e os documentos xustificativos da aplicación dos fondos durante o prazo de catro anos.

5. Proceder ao reintegro do percibido en caso de incumprimento ou xustificación insuficiente.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

6. Sinalar na publicidade da actividade ou na inversión o cofinanciamento do Concello de Aranga. A non xustificación desta obriga por parte do beneficiario poderá determinar a perda da subvención.

7. Asumir todas as responsabilidades civís e legais da actividade ou inversión que realizan.

8. Compromiso de manter as inversións ou equipamentos durante tres anos, destinándoos a finalidade para que foi concedida a subvención.

9. Comunicarlle ao concello as datas da realización das actividades que sexan obxecto da subvención.

## 9. Xustificación.

O prazo para xustificar a subvención será dentro do ano natural, debendo presentar a documentación xustificativa da subvención antes do día 15 de decembro de 2019, sen posibilidade de prórroga.

De non se presentar a xustificación dentro do prazo indicado iniciarase expediente de anulación do compromiso de gasto, mediante Resolución da Alcaldía.

Se a documentación presentada fose insuficiente ou incorrecta outorgarase un prazo de dez días para a súa emenda.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades, supere o custo da actividade ou do investimento que desenvolva o beneficiario.

Para a xustificación da subvención o beneficiario deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación:

- Certificación do secretario da entidade, co visto e prace do presidente, que acredite o cumprimento da actividade ou investimento, e por tanto de ter cumprida a finalidade da subvención.(Anexo V)

- Certificación do secretario co visto e prace do presidente, das subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para o mesmo concepto.(Anexo V)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

- Relación clasificada dos gastos realizados asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se identifiquen acreedores, conceptos de gasto, número de factura, importe, data de emisión e data de pagamento.(Anexo V)
- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades ou inversións xustificaranse mediante facturas orixinais ou copias compulsadas que se correspondan co período subvencionado e datos que faciliten a comprobación de que o documento axústase ao obxecto da subvención.
- Xustificante do cumprimento da obriga de publicitar o cofinanciamento do Concello: mediante copia dos impresos ou carteis xerados pola entidade onde se faga constar a participación do concello de Aranga no financiamento da actividade ou fotografía do cartel que se debe colocar no lugar da inversión (tamaño A4).
- Memoria xustificativa das actividades realizadas ou dos investimentos realizados obxecto da subvención.

## 10. Pagamento.

Á vista da documentación xustificativa a Comisión Municipal de subvencións valorará o cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención. Logo das comprobacións oportunas procederá a propoñer a Alcaldía o seu aboamento, mediante transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario. Se se xustifica o gasto polo 100% do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención e no caso de que se xustifique un gasto inferior ao orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

## 11. Anticipos.

Será posible anticipar ata un 50% da cantidade concedida nos casos nos que, despois da solicitude razoada da entidade, así acorde a Xunta de



# CONCELLO DE ARANGA

Goberno Local, sempre que estea iniciada a actividade ou a inversión. O 50% restante aboarase no momento da xustificación.

## 12. Reintegros.

Procederase ao reintegro total ou parcial da subvención ou do anticipo outorgado cando se constate, logo de oír o beneficiario, calquera das seguintes situacións:

- Incumprimento da finalidade obxecto da subvención.
- Falta de xustificación ou realizar a xustificación de forma insuficiente ou deficiente.
- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións necesarias para iso.
- Non xustificar a publicidade do cofinanciamento polo Concello.

## 13. Réxime xurídico aplicable.

Estas bases e as subvencións que se outorguen ao seu amparo rexeranse polas mesmas e no non previsto por elas:

- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, do regulamento xeral de subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009.
- Pola Lei reguladora das bases de réxime local 7/1985, de 2 de abril, e a Lei 5/ 1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais.
- Restantes disposicións complementarias aplicables.
- Polas bases do Orzamento municipal do exercicio 2019 do Concello de Aranga.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

## 14. Disposición final.

Contra o acto administrativo que resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto e no prazo dun mes dende o seguinte á recepción da notificación, segundo establece o artigo 112 da lei 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 15. Protección de datos de carácter persoal.

O solicitante que se adhiera a esta convocatoria, consinte en que os datos de este expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos do concello de Aranga. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter datos das persoas e asociacións que participan na convocatoria, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán

ser incluídos na páxina Web do concello, do que se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Aranga, 3 de xullo de 2019

O alcalde:

Asdo.: Alberto Platas Álvarez

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS / REALIZACIÓN DE INVERSIÓNS NO ANO 2019.-

ANEXO II.- DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE ANTE O CONCELLO DE ARANGA.-

ANEXO III.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE.

ANEXO IV.- ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E DESIGNACIÓN DA PERSOA ASINANTE (SÓ AS COMISIÓNS DE FESTAS).

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



ANEXO V.XUSTIFICACIÓN.”

### **3.- CONVOCATORIA DE AXUDAS DO ALUMNADO DO CEIP DA CASTELLANA PARA MATERIAL ESCOLAR 2019/2020.**

Logo de elaborarse as bases da convocatoria de axudas ao alumnado do CEIP A Castellana para adquisición de material escolar para o curso 2019/2020, propónse ao pleno municipal a súa aprobación.

Pide Sandra Pena Barbeito a palabra e pregunta se se lles informa aos veciños persoalmente desta convocatoria.

Eva María Sánchez Brañas explica que co comenzo do curso se envia a cada neno toda a información coas bases da convocatoria e documentación requerida.

Sandra Pena dí que dende o punto de vista do seu grupo estas axudas están moi ven pero se poderían incrementar anualmente co IPC. Ademais deberían incluírse na convocatoria axudas especiais para familias con necesidades especiais: familias monoparentais, familias numerosas, con fillos discapacitados, risco de exclusión etc. Ademais debería incluírse aos alumnos da ESO e universitarios e incluír gastos de transporte ademais do material escolar. En definitiva habería que modificar a ordenanza para subir estas carencias, incluíndo todos estes supostos, o que non resultaría difícil nin tería elevado coste orzamentario.

O Alcalde Alberto Platas contestalle que o tema do transporte xa o están mirando e de feito mantiveronse reunións coa Consellerira, por canto se ten modificado o sistema de transporte dos alumnos, para que se nos facilitará a fórmula para facerlo pero non é tema sinxelo e estamos a buscar a forma xurídica de poder incluír estas axudas, e dicir, estamos traballando no tema para buscarlle o encaixe legal.

Sandra Pena Barbeito manifesta que non entende porque non se inclúen aos universitarios e estudantes da ESO e que o tema de transporte ten que ter algunha solución por canto hai concellos que conceden esta axuda.

Tralo debate, o pleno municipal, por unanimidade dos membros presentes, matizando o grupo socialista que votan a favor coas observacións sinaladas, acorda:

**Primeiro:** Convocar axudas a favor do alumnado do CEIP A Castellana para adquisición de material escolar para o curso 2019/2020, dentro do límite dos créditos establecido na respectiva partida orzamentaria.



# CONCELLO DE ARANGA

**Segundo:** Aprobar as bases de dita convocatoria , que se adxuntan e que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia outorgando o prazo de vinte días naturais , contado a partir do día seguinte ao anuncio de apertura de prazo na páxina web do concello.

## “BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ALUMNADO DO CEIP A CASTELLANA PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2019/2020

### **Primeira: Obxecto da convocatoria**

A presente convocatoria ten por obxecto o cofinanciamento da adquisición de material escolar para as familias do concello de Aranga con nenos/as cursando estudos de educación infantil e primaria no centro público sito no termo municipal de Aranga.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2019.231.48002.

### **Segunda: Destinatarios das axudas**

1. Poderán solicitar estas axudas aqueles cidadáns que reúnan os requisitos previstos no parágrafo terceiro deste apartado.

2. As axudas cubrirán, por un importe máximo de 75 € (por alumno/a e curso) necesidades nas áreas de instrución ou educación. No concepto de material escolar inclúese o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das diferentes obrigas establecidas polo colexio así como das técnicas de aprendizaxe utilizadas (mandilón, chándal, material informático, etc).

3. Requisitos que deberá reunir o/a solicitante:

a) Polo menos un dos pais/titor legal e máis o fillo/a para o que se destinará a axuda deberán estar empadroados no Concello de Aranga cun mínimo de 6 meses de antigüidade, agás os supostos excepcionais previamente acreditados pola educadora familiar.

b) Ter a garda e custodia do/a menor.

c) Que o/a menor estea matriculado nalgún curso de educación infantil ou primaria do centro de ensinanza pública do Concello de Aranga.

d) Estar ao corrente no pagamento dos tributos municipais.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





# CONCELLO DE ARANGA

## Terceira: Solicitude

1. Os solicitantes presentarán unha solicitude por cada unidade familiar, no modelo oficial que se xunta como anexo e que se facilitará nas oficinas municipais.
2. A presentación da solicitude implicará a autorización ao Concello para a comprobación dos datos declarados nela e a aceptación das condicións das bases.
3. O modelo de solicitude deberá ir acompañado polos seguintes documentos (orixinais ou copias compulsadas):
  - DNI do solicitante (pai/nai ou titor/a legal da unidade familiar).
  - Libro de familia, certificación literal de nacemento ou calquera outro documento público que garantice a cualidade de titular da garda e custodia.
  - No caso de separación ou divorcio será necesario achegar a sentenza recaída ou convenio regulador correspondente.
  - Volante de empadramento da unidade familiar onde conste que o/a solicitante e máis o/a fillo/a para o que se destinará a axuda levan máis de 6 meses empadroados no Concello de Aranga.
  - Certificación da conta bancaria do/a solicitante.
  - Se xa teñen a factura do gasto realizado para a o curso escolar 2019/2020, tamén a poden achegar xunto coa solicitude.
4. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.
5. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Aranga ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
6. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

## Cuarta: Estudo das solicitudes e adxudicación

1. Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes procederase á verificación de que están completas e que ningún documento contén erros.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

2. A continuación procederá a confeccionar a relación de solicitudes que fosen declaradas completas e de seguido ditarase unha proposta de resolución dándolle traslado ao órgano competente para a súa aprobación.

3. Logo de conceder a axuda, o Concello de Aranga efectuaralles a oportuna notificación aos/ás beneficiarios/as.

## **Quinta: Pagamento da axuda, xustificación e reintegro**

1. As axudas concedidas serán ingresadas na conta bancaria facilitada xunto coa solicitude.

2. Antes do 30 de novembro de 2019 deberá presentar no rexistro de entrada do Concello de Aranga as facturas que acrediten a realización dos gastos para os que foi concedida a axuda.

3. A non xustificación de todo ou parte da axuda dará lugar ao reintegro do importe non xustificado xunto cos xuros de mora que correspondan.

## **Sexta: Compatibilidade da subvención**

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axuda ou subvención que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

## **Disposición adicional**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Contra esta ordenanza poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Aranga, 5 de agosto de 2019, o alcalde: Alberto Platas Álvarez.

## **SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ALUMNADO PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2019/2020**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI  
\_\_\_\_\_, e enderezo en \_\_\_\_\_, parroquia  
de \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, como pai/nai/acolledor  
legal do neno/a

\_\_\_\_\_

## EXPOÑO:

Que tiven coñecemento da convocatoria de Axudas ao alumnado do CEIP A Castellana para a adquisición de material escolar, para o curso 2019/2020, e que reúno os requisitos esixidos nela, polo que,

## SOLICITO:

A concesión dos beneficios que se establecen na citada convocatoria.

Aranga, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE ARANGA.”

## 4.- ACORDO DE MODIFICACIÓN DAS BASES DO ORZAMENTO XERAL 2019.

Expón o Sr. alcalde que nas bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2019 , concretamente na base 35<sup>a</sup> , recollense as subvencións nominativas a conceder polo concello.

Entre as mesmas atópase a subvención a conceder aos veciños da parroquia de Cambás para financiar a mellora da traída de augas veciñal polo impote de 1500,00 €, debido a un erro na súa elaboración.

Habitualmente, o concello financia ao 50% o coste das reparacións das traídas de augas veciñais, nos lugares onde non existe traída de augas municipal como fórmula alternativa á prestación do servizo municipal.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

Aínda que se coñecía o orzamento das obras, por erro consignouse a cantidade de 1500 € en lugar dos 3500,00 € necesarios para financiar ao 50% a execución das obras.

A tal efecto propónse a modificación da base 35% de execución do orzamento 2019, de tal xeito que se estableza que a axuda económica para a traída de augas dos veciños de Cambás sexa de 3500,00 €, tendo en conta que os veciños dos lugares de Vide, Vila e Portocabado carecen de traída municipal.

Esta modificación da base 35ª non precisa a tramitación dun expediente de suplemento de créditos, tendo en conta que se considera suficiente o crédito consignado a nivel de vinculación xurídica, o no seu caso, mediante unha transferencia de créditos entre partidas.

Sandra Pena Barbeito manifesta que non están en contra da axuda nin da modificación porque erros os comete calquera. Pero non ímos a votar nin a favor nin en contra porque o consideramos algo desagradable ver aquí, e un "pouco raro". No estamos en contra da subvención pero si do procedemento das subvencións nominativas. Consideramos que estas subvencións nominativas debía someterse ao mesmo procedemento que as subvencións en concorrencia competitiva. E unha forma de xestionar en un procedemento que non e aberto e público e debería selo. Porque do xeito que se fai se perxudica a outras asociacións ou veciños. Engade Rubén García Vidal que é unha forma de obter unha subvención sen ter que aportar a documentación que se exige as asociacións na convocatoria de subvencións municipais. Engade Sandra Pena que o que no lles gusta e a forma de tramitar as subvencións nominativas. Non hai porque facelas por este procedemento que non é público nin competitivo. Ademais as outras asociacións ou particulares véñse perxudicados porque se reduce o importe da partida orzamentaria. Non pasa polo filtro da Comisión de subvencións.

O alcalde contestalle que todo se debeu a un erro que se detectou no momento de proceder á firma do convenio nominativo e o procedemento é público por canto se publica nas bases de execución. Creo que é totalmente transparente. Non é nada raro, como se reflexa na solicitude que cursaron

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

os veciños. O concello financia as traídas de augas veciñais cando non existe servizo de abastecemento, e sempre ao 50% do coste. Cometeuse o erro ao elaborarse as bases e por iso se está a correxir.

O grupo socialista dá por válidas as explicacións pero se vai a abster polas observacións indicadas.

Tralo oportuno debate, o pleno municipal por cinco votos a favor e a abstención dos catro membros do grupo socialista, acorda:

Primeiro: Proceder a modificar a base 35 do orzamento xeral municipal do exercicio 2019 de tal xeito que onde pon "Axuda para veciños de Cambás: traída de augas 1.500,00 €" debe poñer: "Axuda para veciños de Cambás: traída de augas 3.500,00 €"

Segundo: Proceder a publicar na páxina web e no boletín Oficial da Provincia o acordo de modificación, durante o prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse ningunha, este acordo devendrá definitivo.

## **5.-ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE NOVOS INVESTIMENTOS NO PLAN ADICIONAL AO POS +ÚNICO DOS CONCELLOS 2019.**

Expón o alcalde que na solicitude cursada por este concello, en relación co POS Plan Único de concellos 2019, se inclúe, no Plan complementario, a obra de "Pavimentación da carretera de Carballal a Ponte Aranga" cun orzamento total de 122.117,06 €.

No mes de marzo de 2019 a Deputación Provincial da Coruña enviou unha Circular asinando a este concello unha maior achega ao POS +2019, mediante a elaboración dun Plan Adicional 1/ ao Pos +2019, polo importe de 258.896,33 € que se debían destinar, principalmente, aos investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario.

No mes de maio unha nova Circular asina unha maior achega aos concellos, dentro do POS +2019, correspondendo a este concello a cantidade de 336.565,88 € debendo destinalos a inversións financeiramente sostibles, bien as incluídas no Plan Complementario (primeira fase) ou ben en proxectos novos, que se incluírían nunha segunda fase.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

En base ao exposto propóse ao pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

1.- "Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles  2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do camiño de Gallado a Espiñeira	77.669,05	0,02	77.669,07
Pavimentación carretera de Carballal a Ponte-Aranga	258.896,83	0,00	258.896,83
<b>TOTAL</b>	<b>336.565,88</b>	<b>0,02</b>	<b>336.565,90</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	336.565,88
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	0,02
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	336.565,88

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sometida a votación a proposta, queda aprobada por unanimidade de todos os membros do pleno.

Ás 14:00horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Aranga, xoves 8 de agosto de 2019

A secretaria, Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga

O alcalde, Alberto Platas Álvarez

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)